

O ÚLTIMO DIAGNÓSTICO

Que ninguén me diga que estes signos
non conteñen unha mensaxe.

Thomas Mann

Soamente un virus de sevicia
puido traer a súa morte a estas murallas.

O son dos tiros
percutiu en todas as tempas.
(A cidade flotaba como nunha nube
de cloroformo gris.)

Dise que co pé
tracexou no último momento
unhas raias na area que o agardaba.
Quizais fixou alí
a súa última mensaxe
aínda que ninguén comprendera
a súa letra de médico.

Os corpos abatidos
e os recolletores de cadáveres
borraron de inmediato os símbolos finais.

Pero a chuvia e o vento que virían
dispuxérono todo
tal como el tracexara.
(Eu sempre reparo
nos debuxos abandonados
porque sei que algún deles
coincidirá co seu.)

Que ninguén me diga
que aqueles signos efémeros
non contiñan un último diagnóstico
borrado polas balas da vesania.

Despois foi todo demasiado tarde.
Lugo padeceu dunha podremia crónica
que só podía curar o doctor Vega.

(De *Lugo blues*, 1987)